

9 de Maio

Folga Xeral

de profesores, nais, pais e estudantes

www.sindicatodeestudiantes.net

Non á contrarreforma franquista do PP
Abonda xa de ataques contra a escola pública.
Os recortes para os banqueiros!
Wert dimisión!



Sindicato de Estudiantes

Dende o inicio de curso millóns de mozos demostramos o noso profundo rexeitamento á contrarreforma educativa (LOMCE) impulsada polo goberno do PP que pretende devolvernosa á escola dos anos 50. A mocidade ten participado masivamente nas dúas semanas de loita convocadas polo Sindicato de Estudiantes no mes de outubro e febreiro, opoñéndonos con forza a unha lei que rescata as reválidas franquistas (tres selectividades dende a ESO ata a universidade), que impón itinerarios segregadores e clasistas para expulsar prematuramente os mozos con maiores dificultades dos centros de estudo e obriga na práctica os fillos dos traballadores a coller as opcións máis desvalorizadas e con maior masificación. Unha contrarreforma que aumenta os privilexios da Igrexa Católica e o seu control sobre o ensino, que supón reintroducir a materia de relixión de xeito practicamente obrigatorio, e que provoca o despedimento de máis de 60.000 profesores do sistema educativo público e un recorte presupostario de 5.000 millóns de euros. Unha lei, en definitiva, que destrúe o noso dereito a un ensino público, gratuíto, de calidade, laico e democrático.

Abonda xa de atacar a mozos e traballadores!

En todo este tempo os mozos ademais de protagonizar as mobilizacións en defensa da escola pública, tamén participamos activamente nas manifestacións contra os recortes, a favor da sanidade pública, denunciarnos os escándalos de dobre financiamento e sobresoldos ilegais da cúpula do Partido Popular, e apoiarnos o chamamento da Plataforma de Afectados polas Hipotecas (PAH) contra unha inxusta lei hipotecaria que só beneficia a bancos e grandes propietarios, mentres deixa na maior das indefensións ás familias traballadoras máis golpeadas pola crise económica.

O goberno do PP, que leva menos dun ano e medio no poder, demostrou coas súas leis e declaracións que está exclusivamente ao servizo dos grandes poderes financeiros, dos especuladores, os corruptos e os grandes empresarios. O rexeitamento maioritario do conxunto da poboación cara a este goberno, cara ás súas medidas inxustas, deslexitimounos. O illamento de Mariano Rajoy, os seus ministros e o seu

partido nunca foi tan grande, salpicados constantemente por escándalos como o Gürtel ou o caso Bárcenas, ou polas amizades dos seus máximos dirixentes con coñecidos narcotraficantes, como desvelou a prensa respecto ao presidente da Xunta.

A dereita, ante a súa enorme debilidade, pretende desviar a atención cunha campaña de criminalización contra os movementos sociais que loitan en defensa do público, sexamos estudantes, afectados polos desafuzamentos, traballadores ou desempregados. Acúsannos de violentos, mesmo de terroristas, cando a única violencia é a que exercen este goberno, os banqueiros e o seu sistema, destruíndo millóns de empregos, saqueando as finanzas públicas, recortando os nosos dereitos democráticos, atacando a sanidade, a educación, estafando a centos de miles de aforradores coas preferentes, e botando centos de miles de familias das súas casas para maior lucro dun puñado de grandes bancos.

Si se pode!

Grazas á mobilización xuvenil desenvolvida dende o inicio de curso logramos que o PP non puidese aprobar a súa contrarreforma educativa no mes de decembro e moito menos se atrevese a poñer sequera sobre a mesa a contrarreforma universitaria para privatizar e elitizar aínda máis o acceso á educación superior, algo que tiñan previsto ter feito o pasado mes de Marzo.

A mobilización contundente e unitaria é o único que pode frear os ataques do Partido Popular. Por iso desde o Sindicato de Estudantes sumámonos ás accións que dende distintos ámbitos educativos vanse levar a cabo o próximo 25 de Abril (peches en IES, etc) para seguir demostrando a nosa firme oposición á contrarreforma franquista do PP, e fortalecer a preparación da Folga Xeral de pais, nais, profesores e estudantes, do próximo 9 de maio.

9 de Maio: Folga de profesores, nais, profesores e estudantes

Durante todo este curso as mobilizacións estudiantís contaron co respaldo de miles de profesores, nais e pais que nos animaban a continuar na loita contra os recortes e a contrarreforma do ministro Wert. A participación de profesores nas centos de asembleas en institutos públicos que realizamos ao longo e ancho de todo o Estado, e a presenza de miles de nais e pais nas manifestacións organizadas polo Sindicato de Estudantes, foron un claro reflexo de como toda a comunidade educativa está en pé de guerra contra o intento do Partido Popular de desmantelar a escola pública.

Finalmente e tras un curso de loita estudiantil, a presenza continuada dos mozos nas rúas logrou que se organize unha Folga Xeral de toda a comunidade educativa para o

9 de maio. O Sindicato de Estudantes, xunto aos sindicatos do profesorado e a CEAPA, chamamos a todos os profesores, pais e estudantes e a o resto das organizacións da esquerda a loitar xuntos e baleirar os centros de estudo, e participar masivamente nas manifestacións do 9 de maio. Así mesmo, é necesario fortalecer o movemento estudiantil, cun programa combativo, democrático e anticapitalista, organizando o Sindicato de Estudantes en todos os nosos institutos.

Táboa reivindicativa:

- **Retirada inmediata da LOMCE.** Nin reválidas nin selectividade, o fillo do obreiro á universidade.

- **Por un ensino secundario, FP e unha Universidade públicas, dignas, gratuítas e de calidade.** Contra o incremento e imposición de taxas académicas.

- **Fóra a relixión das aulas.** Basta de privilexios á Igrexa Católica. Nin un euro do orzamento público para a escola privada.

- **En defensa dos dereitos democráticos.** Respetar o dereito a estudar e aprender en catalán, galego e euskera que o franquismo suprimiu.

- **Pola liberdade de expresión da mocidade. O noso dereito a folga non se toca.**

- **Os recortes para os banqueiros.** Readmisión inmediata para os máis de 80.000 docentes despedidos este curso. Reasignación inmediata dos 5.000 millóns de euros que o PP recortou á escola pública.

- **Non ao paro xuvenil.** Non aos contratos lixo e as prácticas en empresa sen remunerar. Por un subsidio de desemprego indefinido para todos os parados ata atopar un posto de traballo.

Organizar Comités de Loita e celebrar asembleas unitarias nos nosos centros!

9 de maio: Folga educativa e manifestacións masivas!

Si se pode!

Únete ao sindicato de Estudantes!

Todos ás manifestacións!

Consulta na nosa web, a hora e lugar da manifestación no teu concello

